

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 21 DE ABRIL DO 2008.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteún de abril de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 14 de Abril do dous mil oito (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

“A Xunta de Goberno Local en base aos informes xurídicos, técnico no que se fan as seguintes consideracións:

*A actuación conta có Informe Favorable da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Ourense – Consellería de Cultura e Deporte – Xunta de Galicia, na súa sesión de data de 02 de abril de 2008, debéndose cumprir as seguintes cautelas:*

*Dende o punto de vista arquitectónico:*

- Co fin de recuperar a lectura do tramo de muralla, eliminarase a baixante pola fachada da muralla, altura de 10,40 m., así como se diferenciará, en forma consensuada coa Oficina Municipal, o tramo antigo e as superposicións posteriores de fábricas.*
- Eliminarase a limpeza con chorro de area da muralla, á vez que se cautelará a súa limpeza e picado de encalados.*
- Recuperarase a carpintería cara ó exterior do oco da fiestra balcaneira da planta primeira.*
- A cheminea en cuberta deberá resolverse de xeito lixeiro.*
- Toda a estrutura, incluso na cuberta, que incida sobre a proxección da ocupación en planta da muralla deberá resolverse de forma lixeira e reversible.*

*Dende o punto de vista arqueolóxico:*

- Condicionarase a autorización á supervisión arqueolóxica das obras polo arqueólogo municipal prestando especial atención ó control da non afectación á muralla medieval*

- *Calquera incidencia ou modificación que se produza durante a execución das obras deberá ser informada ós servizos técnicos da delegación da Consellería de Cultura e Deporte de Ourense por si se estimase a necesidade de realizar actuacións arqueolóxicas complementarias das propostas.*

*Por todo elo, infórmase favorablemente a concesión da correspondente Licenza de Obras, debéndose ter en conta as consideracións anteriormente citadas.*

*Antes do inicio das obras deberán de presentarse os correspondentes Oficios de Dirección das Obras e de Coordinador de Seguridade e Saúde.*

*Así mesmo, comunicarase o Inicio das Obras ó Arqueólogo Municipal.*

por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión da licenza de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

## 2.- Condicións particulares:

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Rehabilitación dun edificio para dúas vivendas.

**Contía na que se orzan as obras:** 89.759,34€

**Situación e emprazamento das obras:** Praza García Boente nº4, Rivadavia.

**Redactor do proxecto e dirección execución material das obras:** Don José Benito Dávila Fuertes, non constando dirección de obra.

**Nome ou razón social do promotor:** As Casiñas do Ribeiro, S.L.U.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate dun (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 89.759,34 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras, por importe de 2.333,74 euros.

**Outras condicións:** As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. Deberá cumprir as medidas correctoras contidas na documentación técnica presentada, tendo que cumprir as seguintes cautelas:

Dende o punto de vista arquitectónico:

- Co fin de recuperar a lectura do tramo de muralla, eliminarase a baixante pola fachada da muralla, altura de 10,40 m., así como se diferenciará, en forma consensuada coa Oficina Municipal, o tramo antigo e as superposicións posteriores de fábricas.
- Eliminarase a limpeza con chorro de area da muralla, á vez que se cautelará a súa limpeza e picado de encalados.
- Recuperarase a carpintería cara ó exterior do oco da fiestra balcaneira da planta primeira.
- A cheminea en cuberta deberá resolverse de xeito lixeiro.
- Toda a estrutura, incluso na cuberta, que incida sobre a proxección da ocupación en planta da muralla deberá resolverse de forma lixeira e reversible.

Dende o punto de vista arqueolóxico:

- Condicionarase a autorización á supervisión arqueolóxica das obras polo arqueólogo municipal prestando especial atención ó control da non afectación á muralla medieval
- Calquera incidencia ou modificación que se produza durante a execución das obras deberá ser informada ós servizos técnicos da delegación da Consellería de Cultura e Deporte de Ourense por si se estimase a necesidade de realizar actuacións arqueolóxicas complementarias das propostas.

## 3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1.- Escrito de Don Roberto Guerrero Meleiro con domicilio na Ctra. de Freans nº7 no que solicita a concesión dunha subvención de 600 euros para o impulso da proba denominada “Oitava subida a vila de Cortegada” os días 4, 5 e 6 de Xullo do 2008, na súa condición de representante da entidade deportiva ESCUDERÍA AUGAS TERMAIS DE CORTEGADA. A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade apoiar na medida do posible as actuacións solicitadas aínda que a nivel económico a subvención non está prevista como nominativa no orzamento, polo cal en caso de outorgarse debería seguirse un procedemento de concurrencia o que fai imposible o outorgamento da subvención.

2.- Escrito de Don Francisco Javier Levoso Mosquera con domicilio en Barbantes-Estación, 32450, Ourense, relativa a colaboración do patrocinio na “32ª edición da volta ciclista O Ribeiro”. O Concello deberá concretar no seu caso o percorrido da proba e no seu caso a súa colaboración en relación cos premios a entregar. A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade apoiar na medida do posible as actuacións solicitadas aínda que a nivel económico a subvención non está prevista como nominativa no orzamento, polo cal en caso de outorgarse debería seguirse un procedemento de concurrencia o que fai imposible o outorgamento da subvención.

3.- Solitude de TELEFOURENSE, S.L. con domicilio na Rúa Juan de Angas nº5, 32002 Ourense, relativa a recuperación dunha cabina telefónica instalada no café bar “La Maravilla” propiedade do citado Concello. A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade autorizar a desinstalación da citada cabina instalada no café bar “La Maravilla” insstando a TELEFOURENSE, S.L. para que se poña en contacto con Concello para realizar as actuacións pertinentes.

4.- Solitude de Don Francisco Javier Sotelo Pérez, abogado, actuando na reperimentación de Dª Luisa María López Pérez, con domicilio na Rúa Bedoya nº 7, 3ºC de Ourense, relativa as manifestacións vertidas polo Concello de Ribadavia do recurso 4739/02 no que se afirmaba que o Concello tiña acordado as medidas presupuestarias necesarias para atender a deuda pendiente con Dona Luisa López Pérez polo cal pide que de forma inmediata se proceda o abono da deuda pendiente con Dona Luisa López Pérez. A Xunta de Goberno Local acorda realizar as actuacións necesarias para o abono da deuda pendiente con Dona Luisa López Pérez, sen perxuízo de que considere oportuno chegar a un acordo coa parte afectada para facilitarlle o fraccionamento dos pagos ao Concello.

5.- Solicitud de Dona Rosa Mª Chao Rey con domicilio na Rúa Progreso nº 32-2º, Ribadavia, relativa a adopción de medidas por parte do Concello en canto a colocación dunha terraza na vía pública impide a entrada no seu domicilio. A Xunta de Goberno Local acorda comunicar o dueño da cafetería “Copa Club” para que limite na medida do posible as actuacións que están causando molestias aos veciños, con advertencia de que en caso contrario se adoptarán as medidas legais oportunas.

6.- Solicitud de Don Luis Travieso González con domicilio na Rúa Rodríguez Moure nº 1 de Ribadavia, relativa a cambio de titulariedade de sepultura pasando de Dona Orosia González Mojon a Don Luis Travieso González. Dona Concepción Travieso mostra a súa conformidade de cesión da súa sepultura a nome de Luis Travieso González estampando a súa firma no escrito. O Secretario manifesta que a particular afectada atópase inscrita no Rexistro do Concello e atópase ó corrente do pago das obrigacións tributarias co mesmo pero considera que a documentación aportada pola interesada debería incluír a súa firma orixinal.

7.- Solicitud de información urbanística interesada por Don Alberto Muñoz Cardenas con domicilio en Rúa Alberto Alcober nº 32, 1ºD, 28036 Madrid. A proposta da Concelleira

Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 14/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o inmovible radicado no lugar de Alvarez Araujo, Ribadavia a solicitude de Don Alberto Muñoz Cárdenas de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

8.-Solicitude de información urbanística interesada por Don Cándido Vázquez Mosquera con domicilio en Esposende, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 11/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o inmovible radicado no lugar de Esposende, Ribadavia a solicitude de Don Cándido Vázque Mosquera de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1.- Auto do TSX de Galicia polo cal se acorda requerir ao Concello para que proceda en mediata execución da sentenza 619/1996 relativa ao recurso interposto por Dona María Antonia Ruíz Álvarez contra o acordo da Comisión de Goberno do Concello de Ribadavia de data 28/02/1990 e contra a resolución de Comisión de Goberno de 7/04/1994.

2.- Comunicación da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible na que se solicita a remisión de información en relación coa xestión das E.D.A.R.E.S. de Galicia en caso de realizarse a auditoría de este tipo de instalacións. A debandita información fai referencia ó período temporal comprendido entre xuño e agosto do 2007. A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade remitir a citada comunicación a Aqualia, a cal unha vez recopilada a información deberá remitirla a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible Augas de Galicia.

3.- Escritos da Consellería Territorial de Obras Públicas e Transportes con datas de 9 de Abril e 14 de Abril de 2008 mediante as que remiten fotocopia compulsada da certificación emitida polo Secretario do Xurado Provincial de Expropiación relativa as fincas números 28 e 304-A, ambas afectadas pola obra Parque Empresarial de Ribadavia(Polígono nº1), para coñecemento e efectos.

4.- Comunicación da Consellería da Presidencia, Administración Pública e Xustiza na que se establece os xustificantes que o Concello de Ribadavia deberá remitir a Dirección Xeral da Administración Local antes do día 20 de Outubro de 2008 para a solicitude de subvención para contratación temporal de auxiliares da Policía Local durante a tempada de verán por importe de 2.000 euros. A Dirección Xeral da Administración Local de atopar conforme os xustificantes propondrá os libramentos dos fondos que en ningún caso superará o 75% do importe dos xustificantes presentados. A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade recepcionar a subvención para contratación temporal de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán por importe de 2.000 euros con cargo os orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2008, e remitirille esta citación ó organismo competente nun prazo máximo de 10 días.

5.- Comunicación da Xefatura Provincial de Tráfico de Ourense con data 14/04/2008 relativo aos accidentes de circulación producidos no Concello de Ribadavia de cara a elaboración de estadísticas a nivel nacional. A Xunta de Goberno Local acorda envíar a documentación solicitada a Xefatura Provincial de Tráfico de Ourense para o cal se deberá remitir previamente este acordo o Xefe da Policía Local para que recopile a información e posteriormente proceda á revisión da mesma a Xefatura Provincial de Tráfico de Ourense.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

#### **ORDE DO 18 DE MARZO DE 2008 POLA QUE SE REGULAN AS BASES POLAS QUE SE REXERA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A PRESTACION DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIONS LOCAIS E SE PROCEDE A SÚA CONVOCATORIA.**

“Vista a Orde de 18 de Marzo de 2008 pola que se regulan as bases polas que se rexera a concesión de subvencións destinadas a prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, publicada no DOGA nº 60, de 28 de marzo de 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada a prestación de Servizos Sociais, de acordo co artigo 8.1.1) e 10 da Orde, de xeito de poder continuar a prestar os servizos nas mesmas condicións que no ano anterior, para garantir a continuidade dos programas e prestación dos servizos sociais.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada no artigo 10 da mesma.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo a Vicepresidencia da Igualdade e Benestar.

Cuarto.- Dar conta o Pleno da Corporación da primeira sesión que se celebre, de acordo co sinalado no artigo 10.1.1. a) da Orde. ”

#### **ORDE DO 18 DE MARZO DE 2008 POLA QUE SE REGULAN AS BASES POLAS QUE SE REXERA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A PRESTACION DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIONS LOCAIS E SE PROCEDE A SÚA CONVOCATORIA (PROXECTO DESENVOLVEMENTO XITANO).**

“Vista a Orde de 18 de Marzo de 2008 pola que se regulan as bases polas que se rexera a concesión de subvencións destinadas a prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, publicada no DOGA nº 60, de 28 de marzo de 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada a realización de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, de acordo co artigo 8.1. e 10.2 da Orde.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude (Proxecto Desenvolvemento Xitano) coa documentación sinalada no artigo 10.2 da mesma.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo a Vicepresidencia da Igualdade e Benestar.

Cuarto.- Dar conta o Pleno da Corporación da primeira sesión que se celebre, de acordo co sinalado no artigo 10.1.1. a) da Orde. ”

#### **INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO.-**

En relación co decreto 34/1998, do 18 de decembro pola que se regulan ás iniciativas locais de emprego e o procedemento para a súa calificación e inscrición rexistral, e vista a solicitude formulada polo Proxecto de Iniciativa Local de Emprego A CASIÑO DO NENO (XOGOTECA), representado por **DONA VERONICA ARAUJO MEIRIÑO**, para que o Concello de Ribadavia o exima ou estableza unha bonificación nos tributos Municipais en concepto de axudas varias e a Consellería de Traballo poida subvencionalo dentro do Programa ILE. Tendo en conta que vén informado favorablemente polo Departamento de Promoción Económica, por unanimidade dos asistentes, a Xunta de Goberno Local, acorda conceder unha bonificación nos tributos locais participando na iniciativa local de Emprego representada por **DONA MARIA ELENA ROMERO RODRIGUEZ E DONA MARIA DEL CARMEN CASTRO RIAL**, do proxecto empresarial A CASIÑA DO NENO (XOGOTECA), e continua-la tamitación do devandito expediente.

En relación co decreto 34/1998, do 18 de decembro pola que se regulan ás iniciativas locais de emprego e o procedemento para a súa calificación e inscrición rexistral, e vista a solicitude formulada polo Proxecto de Iniciativa Local de Emprego FEITIZOS, representado por **DONA MARIA ELENA ROMERO RODRIGUEZ E DONA MARIA DEL CARMEN CASTRO RIAL**, para que o Concello de Ribadavia o exima ou estableza unha bonificación nos tributos Municipais en concepto de axudas varias e a Consellería de Traballo poida subvencionalo dentro do Programa ILE. Tendo en conta que vén informado favorablemente polo Departamento de Promoción Económica, por unanimidade dos asistentes, a Xunta de Goberno Local, acorda conceder unha bonificación nos tributos locais participando na iniciativa local de Emprego representada por **DONA MARIA ELENA ROMERO RODRIGUEZ E DONA MARIA DEL CARMEN CASTRO RIAL**, do proxecto empresarial FEITIZOS, e continua-la tamitación do devandito expediente.

#### **GASTOS E FACTURAS VARIAS.-**

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

MENSULA S.L., participación na Edición da publicación C-Enter, correspondente o Programa P.A.G.U.S., por importe de 6.500 euros.

Segundo.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

EXTRACO S.A., pago a conta da certificación da obra denominada “Pavimentación rúa Alcalde Meruéndano”, por importe de 6.000 euros.

Terceiro.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

### **APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS**

A Xunta de Goberno Local (visto o informe de intervención no que se establece que no orzamento xeral aprobado para o exercicio 2008 para o Concello de Ribadavia na partida presupuestaria 480.480.00. 452 existe consignación suficiente para autorizar o gasto obxecto do expediente: 3.000euros) por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación as seguintes bases:

### **BASES PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS 2008**

As presentes Bases e convocatoria fanse ó abeiro da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e da Ordenanza Xeral Municipal reguladora de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación de data 30 de setembro de 2004 e publicada no BOP de data 22 de decembro de 2004.

### **OBXETO**

Terán por obxecto subvencionar a entidades que promovan actividades de carácter deportivo orientadas a promoción do deporte de base, apoiandoas no sostenemento das mesmas, así como consolidar e promover o asociacionismo deportivo.

### **REQUISITOS**

Poderan acceder a estas axudas todo-las entidades deportivas con sede no Concello de Ribadavia, debendo estar dadas de alta no rexistro de asociacións do Concello de Ribadavia, que cumplan os seguintes requisitos:

- Estar inscritos nos rexistros deportivos correspondentes da Xunta de Galicia
- Participar en competicións oficiais
- Posuir, polo menos, un equipo de base inferior a categoría senior absoluta, no caso de disciplinas individuais posuir como mínimo cinco licenzas federativas en categorías inferiores.

## **DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA**

A concesión das subvencións que constituen obxecto desta convocatoria, outorgaranse con cargo a partida orzamentaria , dotada cun importe de 3.000 €

## **GASTOS SUBVENCIONABLES**

Son gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionable e sexan efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Os conceptos obxecto de subvención seran, exclusivamente:

- Gastos administrativos
- Adquisición de trofeos ou material deportivo
- Publicidade da actividade da entidade
- Adquisición , reposición do botiquín e gastos medico-farmacéuticos
- Gastos de desprazamentos a competicións
- Dereitos de arbitrase
- Licenzas , mutualidade deportiva , inscricións de equipos
- Tramites federativos

## **COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES**

En ningún caso a suma das axudas concedidas por outras institucións , para os mesmos fins, superara o 100% do orzamento previsto.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Atenderanse de xeito exclusivo as actividades e programas destinados a promover o deporte de base , dirixidos a usuarios nados no 1989 e posteriores. Valorandose preferentemente os programas de formación e a promoción do deporte feminino.

### **Establecendose o seguinte baremo para a concesión das axudas:**

- Entidades con 100 ou mais socios, 2 puntos
- Entidades de 50 a 99 socios, 1 punto
- Promoción do deporte feminino, 3 puntos
- Número de disciplinas/modalidades da entidade, 1 punto por disciplina/modalidade
- Equipos en competición, 1 punto por equipo en competición
- Cualificación do/s técnicos que dirixan a actividade, 0,5 puntos por cada técnico de base , 1 punto por cada técnico superior
- Nivel da competición na que participan
  - Participación de equipos/deportistas en competicións de ámbito autonómico, 1 punto
  - Participación de equipos/deportistas en competicións de ámbito nacional, 2 puntos

- Orzamento destinado a actividade:
  - Ata 1.200 Euros , 1 punto
  - De 1.201 a 3.000 Euros , 2 puntos
  - Mais de 3.001 euros , 3 puntos
- Ingresos que xenera a actividade a desenvolver sen contar subvencións das administracións publicas:
  - Ata o 30% do orzamento, 1 punto
  - Ata o 50% do orzamento , 2 puntos
  - Ata o 70% do orzamento , 3 puntos
- Antigüidade da entidade, 0,1 puntos por ano, ata un máximo de 10 anos
- Número total de licenzas
  - De 20 a 40 , 1 punto
  - De 40 a 60 , 2 puntos
  - Mais de sesenta , 3 puntos

## **PRAZOS,LUGAR DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN QUE DEBERAN PRESENTAR**

As solicitudes presentaranse nos modelos que o propio Concello facilitará dentro do prazo conferido o efecto.

O prazo para a presentación de solicitudes será de dez días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación das bases e da convocatoria.

## **DOCUMENTACIÓN**

1. Solicitude dirixida o Alcalde-presidente do Concello de Ribadavia (Anexo I)
2. Fotocopia do CIF
3. Certificación da conta bancaria expedida polo banco ou caixa correspondente
4. Declaración responsable de non ser debedor coa facenda estal,autonomica e local , nin coa Seguridade Social(Anexo II)
5. Declaración comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de Subvencións(Anexo III)
6. Declaración formal, asinada polo secretario , de toda-las axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade doutras administracións públicas(Anexo IV)
7. Fotocopia do libro rexistro de altas e baixas de socios, asinado polo secretario da entidade.
8. Calendarios de competición oficial, certificados pola respectiva federación ou entidade organizadora da mesma(Deporte escolar,Copa Deputación etc.)
9. Orzamento anual de ingresos e gastos da temporada actual e liquidación da anterior, desglosando os asinados as categorías base para a que se solicita a axuda (Anexo V)
10. Relación de técnicos e a súa cualificación especifica en cada modalidade deportiva

## **OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

Os que obteñan axudas quedan obrigados a :

- Desenvolver a actividades de acordo co proxecto presentado
- Informar o Servizo Municipal de Deportes de calquera cambio significativo que se produza no programa.
- A difusión e publicidade das actividades subvencionadas onde deba figura-lo logotipo do Concello de Ribadavia e do Servizo Municipal de Deportes
- Xustificalo emprego da subvención recibida mediante presentación de facturas ou xustificantes de gasto, así como unha memoria xustificativa, que deba recoller: cartelaria, dipticos, etc..., posibles recortes de prensa, así como unha reportaxe de fotos da actividades/es
- Facilitar o técnico ou técnicos do SMD, que se designen, a inspección da actividade.
- O incumprimento das obrigas anteriores podería dar lugar á anulación da subvención concedida.

## **ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN**

### **XUSTIFICACIÓN**

Procederáse a liquidación do segundo 50% unha vez presentada a seguinte documentación e informada de xeito positivo polo órgano instructor:

- Memoria explicativa según se detalla nas obrigas do beneficiarios
- Facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente, con validez tanto a nivel suridico mercantil, administrativo ou laboral, por importe como mínimo equivalente a cantidade subvencionada e coa acreditación de estas pagas.
- Declaración de que as actividades foron financiadas ca subvención
- Relación desagregada de tódolos ingresos: fondos propios, subvención concedida e outras achegas para a mesma finalidade, indicando importes e procedencias.

### **PAGAMENTO:**

- O 50% do total da subvención concedida, unha vez sexa adoptado o acordo pola xunta de goberno e se lles notifique os interesados.
- 50% restante o remate da actividade ,unha vez xustificadas os gastos do xeito indicado e en todo caso antes do 30 de Outubro de 2008.

## **ORGANO INSTRUCTOR**

A competencia de instrución do procedemento de concesión corresponderalle ó director do Servizo Municipal de Deportes. Realizaranse de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formula-la proposta de resolución.

## **COMISIÓN AVALIADORA**

Para os efectos previstos no artigo 22.1 da LXS, o órgano Colexiado competente para a proposta da concesión estará composta polo alcalde, concelleiro de Deportes, o director do Servizo Municipal de Deportes e un representante de cada grupo político presente na Corporación.

A Resolución será ditada pola Xunta de Goberno Local no prazo máximo de dez días dende a data de remate de presentación de solicitudes e daráse-lle publicidade desta a través do taboleiro de anuncios.

## ANEXO I

### SOLICITUDE SUBVENCIONS PARA A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O 2007

D./Dna. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_ con enderezo na rúa \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ código postal \_\_\_\_\_ con teléfono \_\_\_\_\_, como presidente da entidade \_\_\_\_\_ con domicilio na rúa \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ código postal \_\_\_\_\_ con teléfono nº \_\_\_\_\_ con CIF \_\_\_\_\_ inscrito no Rexistro de asociacións deportivas e deportistas de Galicia co número \_\_\_\_\_ ante VI.

## EXPÓN

Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións do ano 2007 para ENTIDADES DEPORTIVAS .

Asume tódolos compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida nesta.

## SOLICITA

Unha subvención de \_\_\_\_\_ euros .

Ribadavia a , \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2007

(Selo)

(Sinatura)

**ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBADAVIA(OURENSE).**

**ANEXO IV**  
**DECLARACIÓN DE OTRAS AXUDAS**

D./Dna. \_\_\_\_\_

como secretario/a da entidade \_\_\_\_\_

En relación a outras axudas concedidas ou solicitadas de calquera administración ou ente público para o mesmo proxecto.

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

**AXUDAS SOLICITADAS:**

<b>ENTIDADE SOLICITADA</b>	<b>OBXETO DA AXUDA</b>	<b>CANTIDADE SOLICITADA</b>

**AXUDAS CONCEDIDAS:**

<b>ENTIDADE CONCEDENTE</b>	<b>OBXETO DA AXUDA</b>	<b>CANTIDADE CONCEDIDA</b>

E para que así conste, asíno a presente declaración no lugar e data abaixo indicados

Ribadavia a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2007

(Sinatura e selo)

**ANEXO V**

**ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS E GASTOS DA TEMPADA 2007/2008**

**GASTOS**

CONCEPTO	IMPORTE
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Tramites federativos(fichas,avais, outros)</li> <li>2. Gastos de desprazamentos a competicións oficiais</li> <li>3. Material Deportivo</li> <li>4. Gastos de arbitaxes/xuices</li> <li>5. Honorarios técnicos deportivos</li> <li>6. ...</li> <li>7. ...</li> <li>8. ...</li> </ol>	
<b>TOTAL DE GASTOS DAS CATEGORÍAS BASE</b>	
<b>TOTAL DE GASTOS DA ENTIDADE</b>	

**INGRESOS**

CONCEPTO	IMPORTE
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Axudas de entidades               <ol style="list-style-type: none"> <li>1.1. Subvención Dirección Xeral para o Deporte</li> <li>1.2. Subvención Deputación</li> <li>1.3. Subvención Concello de Ribadavia</li> <li>1.4. Outras _____</li> </ol> </li> <li>2. Patrocinadores</li> <li>3. Ingresos socios</li> <li>4. ...</li> <li>5. ...</li> <li>6. ...</li> </ol>	

**ANEXO VI**

**LIQUIDACIÓN DE INGRESOS E GASTOS DA TEMPADA 2006/2007**

**GASTOS**

CONCEPTO	IMPORTE
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Tramites federativos(fichas,avais, outros)</li> <li>2. Gastos de desprazamentos a competicións oficiais</li> <li>3. Material Deportivo</li> <li>4. Gastos de abitraxes/xuices</li> <li>5. Honorarios técnicos deportivos</li> <li>6. ...</li> <li>7. ...</li> <li>8. ...</li> </ol>	
<b>TOTAL DE GASTOS DAS CATEGORÍAS BASE</b>	
<b>TOTAL DE GASTOS DA ENTIDADE</b>	

**INGRESOS**

CONCEPTO	IMPORTE
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Axudas de entidades               <ol style="list-style-type: none"> <li>a. Subvención Dirección Xeral para o Deporte</li> <li>b. Subvención Deputación</li> <li>c. Subvención Concello de Ribadavia</li> <li>d. Outras _____</li> </ol> </li> <li>2. Patrocinadores</li> <li>3. Ingresos socios</li> <li>4. ...</li> <li>5. ...</li> <li>6. ...</li> </ol>	
<b>TOTAL DE INGRESOS</b>	

## **APROBACIÓN DE BOLSAS DE TRABAJO.**

Proposta do Concelleiro do BNG de deportes don Anxo Collarte Pérez na que solicita a aprobación dunhas bases para creación de bolsas para provisión temporal de postos de traballo no Servizo Municipal de Deportes en tanto non se proceda a súa provisión definitiva, para os seguintes postos de traballo:

- Operario de instalacións deportivas.
- Oficial de instalacións deportivas.
- Técnico deportivo.

### **Normativa pola que se regula a convocatoria e elaboración das listas para a provisión temporal de postos de traballos (Operario de instalacións deportivas, Oficial de instalacións deportivas, Técnico deportivo) no Concello de Ribadavia.**

Norma 1ª.- Obxecto.

O obxecto da presente normativa é regula-la convocatoria e elaboración de listas con aquelas persoas interesadas na cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo (**Operario de instalacións deportivas, Oficial de instalacións deportivas, Técnico deportivo**) do Concello de Ribadavia, nos que a súa cobertura se considere de urxente necesidade, mentres non sexan ocupadas polo correspondente persoal fixo.

Norma 2ª.- Listas.

Elaborarase unha lista para o persoal laboral ó servizo do Concello de Ribadavia.

A súa orde de prelación virá dada pola puntuación obtida de acordo co baremo.

Norma 3ª.- Solicitudes, apertura da convocatoria e prazos.

3.1.- As solicitudes que presenten os interesados para a súa inclusión na correspondente lista dirixiranse á Comisión de selección de contratacións laborais temporais do Concello de Ribadavia (Concello de Ribadavia, Pza. Maior) e axustaranse ó modelo que se inclúe nesta convocatoria.

3.2.- A apertura da convocatoria e prazo para a presentación de solicitudes serán os 7 días hábiles seguintes contados dende a publicación desta normativa no BOP e poderanse formular perante o Rexistro Xeral do Concello de Ribadavia.

Teléfonos de información: 988-477100.

Norma 4ª.- Requisitos.

Para participar na selección será preciso cumpri-los seguintes requisitos específicos:

1.- Posuí-la nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do espazo económico europeo, u ostenta-lo dereito á libre circulación de traballadores conforme ó Tratado da Unión Europea.

2.- Ter cumpridos 18 anos, salvo que a normativa ou subvención dispoña outra cousa.

3.- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvendo das correspondientes funcións.

4.- Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas

5.- Posuí-la titulación esixida par acceder á praza convocada, de acordo co establecido no Anexo I.

6.- Estar en posesión dos títulos profesionais, carnés ou certificados que se esixan e habiliten para unha determinada profesión, oficio ou cometido.

Os requisitos deberán cumprirse na data na que remate o prazo de presentación das instancias e que estean debidamente xustificadas.

#### Norma 5ª.- Documentación.

As solicitudes formalizaranse nas instancias que se adxuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concelo ou remitilas por calqueira dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, no prazo de sete días hábiles, comenzando a computarse dito prazo a partir do días seguinte ó da publicación do anuncio nun diario de difusión provincial, poderá verse reducido-, achegándose a seguinte documentación:

- Copia cotexada do D.N.I. ou documento que proceda para os extranxeiros.
- Copia cotexada da titulación académica, así como dos títulos, carnés ou certificacións profesionais que se esixan: Operario de instalacións deportiva(Certificado de estudos primarios); Oficial de instalacións deportivas (FP, Auxiliar Administrativo, coñecemento de informática); Técnico Deportivo (titulación específicas en: balonmán, baloncesto, fútbol sala, voleibol, aeróbic, ximnasia rítmica, salvamento acuático e socorrismo, natación, ocio e tempo libre).
- Documentos acreditativos dos periodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificación negativa da vida laboral.
- Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño do posto de traballo.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e cotexada de cada un deles.

En ningún caso, se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificadas, ou presentados unha vez rematado o prazo de entrega de solicitudes.

#### Norma 6ª.- Elaboración das listas.

6.1.- Comisión de selección. A comisión de selección estará integrada do seguinte xeito:

**PRESIDENTE:** Un funcionario do Concello designado polo Alcalde.

**SECRETARIO:** O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

**VOCAIS:** -Funcionario ou persoal laboral fixo do Concello designado polo Alcalde .

-Funcionario ou persoal laboral fixo designado polo Alcalde, coa mesma titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

-Funcionario ou persoal laboral fixo, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal Laboral do Concello.

Os funcionarios ou persoal laboral designado deberá ter a mesma titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

No caso que non haxa funcionarios ou persoal laboral fixo no Concello con coñecementos específicos das prazas convocadas, poderá solicitarse o nomeamento de funcionarios/persoal laboral fixo a outros Concellos, Deputación ou Xunta de Galicia.

O Tribunal, sempre que o considere necesario e con carácter excepcional, podera designar asesores con coñecementos específicos relativos as prazas convocadas, sendo as súas funcións de asesoramento o tribunal de valoración e sen dereito a voto.

6.2.- A Comisión de selección para a cobertura temporal de postos de traballo reservados ó persoal laboral será a encargada de elabora-las listas correspondentes.

6.3.- Unha vez elaboradas as listas, o Concello de Ribadavia, publicará o anuncio de exposicións destas nos taboleiros de anuncios do Concello de Ribadavia.

6.4.- Os chamamentos realizaranse prelativamente, de acordo cos méritos baremados, por medio de telegrama. De non obterse resposta no prazo de 72 horas hábiles, chamarase ó seguinte da lista e o aspirante decaerá no seu posto ata o final da lista.

6.5.- A partir da publicación das listas, quedarán sen efecto calquera das anteriores que puideran existir.

Norma 7ª.- Baremo de méritos.

#### 1.- Circunstancias persoais.-

- Por cada ano de residencia neste Concello (acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar): 0,20 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada mes acreditado como desempregado/a, por medio do documento acreditativo dos períodos de inscrición como demandante de emprego: 0,02 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada fillo ó seu cargo, menor de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,20 puntos con un máximo de 0,60 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por cada fillo ó seu cargo, maior de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,10 puntos con un máximo de 0,30 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por servicios voluntarios prestados á Comunidade a traves de organizacións, fundacións ou institucións recoñecidas oficialmente: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,10 puntos.

#### 2.- Experiencia profesional.-

- Por servicios prestados no Concello de Ribadavia na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servicios prestados noutras Administracións Públicas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servicios prestados en empresas privadas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por prácticas profesionais relacionadas coa actividade: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

### 3.- Formación especializada.-

Por cada curso de formación, perfeccionamiento ou xornadas impartidas polas Administracións Públicas, Universidades, Oficinas de Emprego, Formación Ocupacional ou Continua e demais centros oficiais, relacionados coas funcións propias da categoría, ata un máximo de 2 puntos, baremado do seguinte modo:

- Cursos de ata 30 horas: 0,10 puntos/curso, ata un máximo de 0,40 puntos
- Cursos de ata 100 horas: 0,15 puntos/curso, ata un máximo de 0,60 puntos
- Cursos de mais de 100 horas: 0,20 puntos/curso, ata un máximo de 0,80 puntos
- Por xornadas: 0,05 puntos/xornada, ata un máximo de 0,20 puntos.

Tódolos cursos e xornadas realizados teñen que estar directamente relacionados coas funcións que se desenvolven.

### 4.- Titulación:

Por titulación superior a esixida para o desempeño do posto:

1. Por titulación académica.

Por título académico superior ó esixido, da mesma rama e especialidade, valorarase o grao superior acreditado con 0,50 puntos

2. Por outras titulacións.

Títulos ou certificados profesionais, carnés, superiores ós esixidos e expedidos por organismos oficiais, pero da mesma rama e especialidade, valorarse o grao superior acreditado con 0,50 puntos.

Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos
- Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos
- Curso de especialización: 0,50 puntos

### Norma 8ª.- Entrevista.-

Co obxecto de determinar a idoneidade da persoa o posto de traballo ofertado realizarase unha entrevista persoal sobre cuestións relacionadas co posto de traballo, valorarase de 0 a 2 puntos.

Os puntos obtidos neste apartado sumaranse aos obtidos despois de aplicar o baremo establecido nas bases referidas.

Norma 9ª.- Interpretación e normativa supletoria. A interpretación destas normas correspóndelle á Comisión de Selección. A normativa supletoria é a disposta para o mesmo asunto pola Xunta de Galicia no seu convenio e decretos de desenvolvemento.

Ribadavia, 21 de Abril do 2008.-

O ALCALDE,

Asdo.: Marcos Blanco Jorge.

## **ANEXO I.**

Categoría; grupo; titulación; outros requisitos.

- POSTO DE TRABALLO: OPERARIO DE ISNTALACIÓNS DEPORTIVAS.  
TITULACION: CERTIFICADO DE ESTUDIOS PRIMARIOS.
  
- POSTO DE TRABALLO: OFICIAL DE ISNTALACIÓNS DEPORTIVAS.  
TITULACION: FP, AUXILIAR ADMINISTRATIVO, COÑECEMENTOD  
DE INFORMATICA.
  
- POSTO DE TRABALLO: TÉCNICO DEPORTIVO  
TITULACION ESPECIFICAS EN: BALONMÁN, BALONCESTO,  
FÚTBOL SALA, VOLEIBOL, AERÓBIC, XIMNASIA RÍTMICA, SALVAMENTO  
ACUÁTICO E SOCORRISMO, NATACIÓN, OCIO E TEMPO LIBRE.

## **ANEXO II**

### MODELO DE INSTANCIA

D/<sup>a</sup>.....  
provisto/a de D.N.I. nº ..... con enderezo na rua.....  
nº.... piso..... C.Postal..... Localidade..... Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Ribadavia para a elaboración das listas para a provisión temporal de postos de traballo (Especificar se é para Operario de instalacións deportivas, Oficial de instalacións deportivas ou Técnico deportivo ) no Concello de Ribadavia.

### **DECLARO:**

- 1º.- Que conozo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso, e comprometéndome a someterme ás bases que o regulan.

Ribadavia,..... de..... 2008.

## **ANEXO III**

## DECLARACION RESPONSABLE.

D/<sup>a</sup>..... provisto de D.N.I. nº....., con enderezo na rúa..... núm.....  
piso..... C.P..... Localidade..... Municipio.....Provincia..... Teléfono.....

DECLARO: Que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo e que acreditarei fehacientemente se o Concello o require.

Ribadavia,..... de..... 2008.

Consta informe xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

### CONSIDERACIONES XURÍDICAS

*1ª.- Si ben a selección do persoal fixo tanto funcionario como laboral está regulado na normativa dos RD 364/95 e 896/91, respecto do persoal laboral temporal non existe normativa concreta ao respecto polo cal serán de aplicación os principios constitucionais recollidos nos artigos 23 parágrafo 2º e 103.3 da Constitución, concretados no ámbito local nos artigos 103 e 91 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, sendo estes os principios de igualdade, mérito e capacidade.*

*2ª.- Entendo que nestas bolsas de traballo se podería estar atentando contra os principios de igualdade e de mérito e así respecto do baremo xeral de meritos do apartado 7º da convocatoria no referente a os aspectos relativos a circunstancias persoais valorase a residencia no Concello de Ribadavia, e a prestación de servizos no Concello de Ribadavia, ademais de prestación de servizos a Comunidade, (entendemos que a de Ribadavia) o cal o considero contrario ao principio de Igualdade do artigo 103.3 e 23.2 da Constitución, establecendo diferentes sentenzas do Tribunal Constitucional que as regras do procedemento para o acceso deben establecerse en termos xerais e abstractos e non mediante referencias individualizadas e concretas (SSTC 48/98 de 2 de marzo e 138/2000 de 29 de maio). Establecendo outras sentenzas do TC que non poden establecerse requisitos para acceder as funcións públicas que teñan carácter discriminatorio, como parece ser o caso (SSTC 73/98 e 99/99).*

### CONCLUSIÓN

*En base os argumentos esgrimidos anteriormente informase favorablemente a aprobación das bases da selección sempre que se corrixan os aspectos reflectidos anteriormente no informe.*

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade proceder a aprobación das bolsas de traballo para provisión temporal de postos de traballo no Servizo Municipal de Deportes

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN  
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO